



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS que, como lei fundamental do contrato, rexerá na contratación para adxudicar, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, adquisición de "PIANO DE COLA PARA AS INSTALACOES MUNICIPAIS - CONSERVATORIO DE MUSICA".

1º.- OBXECTO DO CONTRATO.- O contrato será para o subministro de "PIANO DE COLA" destinado ás instalacións municipais - Conservatorio de Música municipal, de conformidade e características que se indican na memoria-valorada emitida polo director do Conservatorio de 30/04/2015.

2º.- NECESIDADES A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO.- Se emite informe do director do Conservatorio e concelleira de Ensino e Cultura aos efectos de xustificar a necesidade de dita adquisición, en cumprimento do establecido no art. 22 do TRLCSP.

3º.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Trátase dun contrato ordinario por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación. Se emite Providencia da concellaría de ensino e cultura aos efectos de iniciación da contratación.

4º.- ORZAMENTO DO CONTRATO.-

Orzamento base: 27.267,46€.
IVE 21% : 5.725,54€.
Orzamento total: 32.990,00€.

5º.- PRAZO DE ENTREGA.- De conformidade coa documentación que obra no expediente, o prazo de entrega será de **DOUS MESES** a partir da sinatura do contrato.

6º.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO.- Para o referido subministro concedeuse unha achega pola Deputación provincial por importe de 32.990,00€, incluída no PPOS/15/00610/201500320, con data límite de execución e xustificación de 31/12/2016.

7º.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA.- Emitese RC pola intervención municipal de existencia de crédito, con cargo á partida 2015/1/326/6250401 do orzamento en vigor.

8º.- PAGAMENTO DO PREZO DA ADXUDICACIÓN .- O pagamento do prezo de adxudicación efectuarase mediante a presentación de factura polo subministro realizado e emitida a correspondente acta de recepción positiva, asinada polo director do Conservatorio, que serán aprobadas polo Órgano competente do Concello de Tui.

A factura deberá incluír, sen prexuízo do contido mínimo establecido no Real Decreto 1619/2012, os seguintes datos:

- Identificación do órgano de contratación: Xunta de Goberno Local. Código DIR 3 LO 1360558.
- Identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade Pública: Concellería de Facenda – Departamento de Intervención. Código DIR 3 LO 1360558.



- Identificación do destinatario: Alcalde. Concello de Tui; C.I.F: P/3605500-B; Dirección: Praza do concello nº1 CP 36700. Código DIR 3 LO 1360558.

9º.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO- Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das corporacións locais, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en adiante (TRLCSP).

- Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se contradiga co TRLCSP.

- Demais normativa aplicable que non se atope derogada polo TRLCSP.

- Así mesmo, o referido contrato rexerese polo establecido na memoria valorada de características técnicas do piano a subministrar e o presente prego de cláusulas, que terán a natureza de documentos contractuais.

10º.- CLASIFICACIÓN.- Pola contía do contrato non se esixe clasificación. Os que presenten quedarán exentas de acredita-la solvencia económica-financeira e técnica, de conformidade co TRLCSP.

11º.- ORGANO DE CONTRATACIÓN.- O órgano competente para contratar é o Alcalde, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do TRLCSP, por canto a contratación non excede do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin é superior ós catro anos. Facultade que, en virtude de Decreto de data 22 de xuño de 2015, é delegada en Xunta de Goberno Local.

12º.- GARANTÍA PROVISIONAL.- Non se esixe.

13º.- GARANTÍA DEFINITIVA.- Equivalente ó 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.

14º.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS.- A documentación para as licitacións presentarase en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que concorren e asinados polo licitador ou a persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa. No interior de cada sobre se fará constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

Os sobres presentarase no Rexistro Xeral do Concello, nas oficinas de Secretaría, en horario de 9,00 a 14,00 horas de luns a venres e de 9,00 a 13,00 horas os sábados entregándolle xustificante da súa presentación..

De igual modo, as ofertas poderán ser presentadas por correo. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.

Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora do remate do prazo sinalado.

Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á indicada data sen recibir a documentación, esta non será admitida en ningún caso.



15º.- FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS.- As propostas presentaranse en **dous sobres** numerados correlativamente:

A) SOBRE NÚMERO 1.- Conterá a seguinte documentación que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos nas leis:

De conformidade coa Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización (BOE 28/09/13), que introduce a través do seu Capítulo II. Medidas para impulsar a contratación pública con emprendedores e modificacións substanciais no texto refundido da Lei de contratos do sector público, que engade dous parágrafos 4 e 5 ao artigo 146 do TRLCSP, permitindo que só o proposto como adxudicatario aporte toda a documentación acreditativa da súa capacidade e solvencia para executar o contrato de que se trate, substituíndose no "sobre A" de tódolos licitadores por unha "declaración responsable". O obxectivo da medida é simplificar "a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos" co obxectivo de favorecer a participación das PYMES nos procedementos de contratación do sector público. Este novo sistema será obrigado para os contratos de obras de valor estimado inferior a 1.000.000€, e servizos e subministros inferiores a 90.000€ e potestativa para o órgano de contratación no resto de contratos.

En aplicación ao indicado anteriormente, a documentación que se incluírá no sobre A, será:

- *Declaración responsable segundo modelo que se acompaña (Anexo II).*

De conformidade co indicado anteriormente, a empresa que resulte ser adxudicataria deberá acreditar os seguintes aspectos en relación coa declaración responsable presentada, en caso de non acompañar a documentación xustificativa no sobre A:

Documentos acreditativos da personalidade xurídica: Os empresarios individuais, copia autenticada do DNI; os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polo que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados Membros da Unión Europea se acreditará pola súa inscrición no rexistro precedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular no ámbito territorial no que radique o domicilio da empresa.

Documentos acreditativos da representación: Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores se deberá incluír poder outorgado a favor de quen subscriba a proposición xunto cunha copia auténtica do Documento Nacional de Identidade dos apoderados.



Documento de compromiso de constituír una Unión Temporal de Empresas:

Nos casos en que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal aportarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituíla. Este documento deberá estar asinado polo representante de cada unha das empresas e nel se expresará a persoa a quen designan representante da UTE ante a Administración para tódolos efectos relativos ó contrato, así como a participación que a cada un deles corresponda na UTE.

Documentos acreditativos da clasificación.- Dado que se trata dun contrato de subministro que non esixe clasificación, deberá acreditar a solvencia económico-financeira e técnica segundo os seguintes aspectos:

A solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional do empresario acreditarase, a criterio do órgano de contratación, en función do obxecto do contrato, do seu importe e das súas características **por un ou varios dos medios seguintes:**

- Solvencia financeira:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnizacións por riscos profesionais .
- b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios que non teñan obriga de presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondentes ó obxecto do contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida no que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.

- Solvencia técnica e profesional: A solvencia técnica e profesional acreditarase polos seguintes medios:

- a) Relación dos principais contratos ou traballos realizados nos últimos tres anos relacionados co obxecto do contrato, que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os contratos efectuados se acreditarán mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta de este certificado mediante unha declaración do empresario.
- b) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.



- c) Mostras, descrições e fotografías dos produtos a subministrar e que a autenticidade poida certificarse a petición da entidade do sector público contratante.
- d) Certificados emitidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.
- e) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e os medios de estudo e investigación da empresa.
- f) Certificados emitidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida.

A acreditación das circunstancias mencionadas nos artigos anteriores se poderán realizar mediante a certificación, orixinal ou compulsada, dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, en vigor.

A acreditación de dispoñer dos datos relativos á personalidade xurídica e a capacidade de obrar poderán realizarse mediante a certificación da inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas.

- **Documentación adicional esixida a tódalas empresas estranxeiras.** As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato se execute en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que poida corresponder ó licitante.

- **Domicilio:** Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderán ser complementada indicando unha dirección de correo electrónico e o número de teléfono e fax.

- **Empresas que teñan no seu cadro de persoal persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social.** Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada na disposición adicional 4ª do TRLCSP, deberán os documentos que acrediten que, ó tempo de presentar a súa proposición, ten no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ó 2 por 100 ou que a empresa licitadora está dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación a que se refire a disposición adicional 4ª do TRLCSP.

B) SOBRE NÚMERO 2.- Criterios cuantificables de forma automática.-

Conterá:

- **Oferta económica**, na que se expresará o prezo de execución do contrato. A oferta económica se presentará conforme ó *Anexo I*.
- **Melloras:**
 - *Mantemento do subministro.*



16º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS E DEMAIS REQUISITOS DAS MESMAS.-

O prazo de presentación será de **QUINCE DÍAS NATURAIS** a contar dende a publicación do anuncio de licitación na *páxina web* do concello (*concellotui.org*) e no Boletín Oficial da Provincia.

As propostas dos interesados deberán axustarse ó previsto no prego de cláusulas administrativas particulare e características técnicas e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, sen salvedade ou reserva ningunha.

As ofertas serán secretas e se arbitrarán os medios que garanten tal carácter ata o intre no que se proceda á súa apertura .

Cada licitador non poderá presentar máis de UNHA OFERTA, sen prexuízo da admisibilidade de variantes ou melloras cando se permita a súa presentación.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

17º.- ADXUDICACIÓN.- De conformidade coa lexislación vixente, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a criterios directamente vinculados ó obxecto do contrato. A estes efectos fíxanse como criterios:

1.- CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

Proposición económica. Baixas ofertadas sobre o prezo total do contrato, ata un máximo de 50 puntos. Puntuarase con 0 puntos aquelas ofertas que propoñan o tipo establecido. Outorgarase a valoración máxima á oferta máis baixa. O resto das ofertas serán valorados proporcionalmente, de acordo coa seguinte fórmula:

$$V_i = \left(\frac{B_i}{B_{\max}} \right) \times \text{valoración} - \text{outorgada} - a - \text{oferta} - \text{mais} - \text{vantaxosa}.$$

Sendo:

V_{in} : Puntuación da oferta i

B_i : baixa da oferta i . Donde $B_i = \text{Tipo} - O_i$; sendo *Tipo* o tipo da licitación e O_i é a oferta da empresa i .

B_{\max} : baixa da oferta máis favorable. $B_{\max} = \text{Tipo} - O_b$; onde *Tipo* é o tipo da licitación e O_b é a oferta económica máis baixa.

B) Melloras:



- Mantemento do subministro:

1.- O contrato deberá incluír, ademais das dúas afinacións iniciais de posta a punto, dúas afinacións semestrais axustada ás necesidades do concello de Tui durante un período mínimo de seis meses a partir do día seguinte da última afinación inicial. Puntuación máxima: 25 puntos para un máximo de cinco semestres.

2.- O contrato deberá incluír un servizo de reparación e substitución de pezas que responda ao **desgaste provocado polo uso do instrumento** e demais complementos do mesmo. Este servizo terá unha duración mínima de 12 meses a partir da colocación do instrumento. Puntuación máxima: 25 puntos para un máximo de cinco trimestres.

2).- CLASIFICACION DAS OFERTAS.- De conformidade co art. 151 do TRLCSP, o órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas, por orde decrecente, atendendo ós criterios indicados anteriormente, e poderá solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes.

Criterios de desempate:

De acordo co establecido na Disposición Adicional 4ª do TRLCSP, cando unha ou varias proposicións igualem, nos seus termos, á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios que serven de base para a adxudicación, terán preferencia na adxudicación do contrato as proposicións presentadas por aquelas empresas que acrediten ter no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%.

18º.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.- Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

a).- Se o contrato debe adxudicarse tendo en conta un único criterio de valoración, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do Regulamento xeral da LCAP.

b).- Cando a adxudicación deba facerse tendo en conta máis de un criterio de adxudicación, sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados. Se só existe unha oferta presentada, se considerará anormal ou desproporcional aquela inferior a un 25% do tipo de prezo de licitación.

19º.-CONFIDENCIALIDADE.- Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó realizar as propostas, en especial con respecto ós segredos técnicos ou comerciais e os aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

Do mesmo xeito, o contratista deberá respectar o carácter confidencial de aquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dese o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba tratarse



como tal. Este deber manterase durante o prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

20º.- REVISIÓN DE PREZOS.- Dada a duración do contrato non cabe a revisión de prezos.

21º.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS.-

a). Mesa de Contratación. - A Mesa de Contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como secretario da mesa un funcionario do concello designado ó efecto.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- Presidente da Mesa: Alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue.
- Vogais: Interventor do Concello, ou funcionario en quen delegue.
Secretaría do Concello, ou funcionario en quen delegue.
O Director do Conservatorio municipal.
A concelleira de Ensino e Cultura.
- Secretario da Mesa: Un funcionario/a do concello.

Para o caso que nos ocupa o órgano competente para contratar é o Alcalde, por canto a contratación non excede do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin é superior ós catro anos. Facultade que, en virtude de Decreto de data 22 de xuño 2015, é delegada en Xunta de Goberno Local.

A cualificación da documentación administrativa presentada a que se refire o artigo 146 do TRLCSP efectuarase pola Mesa de contratación constituída ó efecto, en sesión non pública. O Presidente ordenará a apertura dos sobres que a conteñan, e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

b) Si se observasen defectos ou omisións que sexan subsanables na documentación presentada, comunicarase ós interesados, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou subsanen ante o órgano de contratación.

Do actuado quedará constancia no expediente.

c) Unha vez cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, declararanse admitidos á licitación ós licitadores que acreditasen o cumprimento dos requisitos previos indicados no artigo 146 do TRLCSP, facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.



d) Rematada a fase anterior, se procederá á apertura, en acto público, do **sobre b) Criterios cuantificables de forma automática.**

A Mesa de Contratación emitirá proposta de adxudicación ó órgano de contratación.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

22º.- REQUIRIMENTO DA DOCUMENTACIÓN.- O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, presente a seguinte documentación xustificativa:

- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Tui, ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación dos mesmos, de dispoñer efectivamente dos medios que se houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme á lexislación vixente.

- Ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

- Presentar a xustificación acreditativa dos requisitos indicados na licitación, sobre A "Documentación administrativa", aspectos que se fan constar na cláusula 15º deste prego.

(Os correspondentes certificados poderán expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos).

23º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.- Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á da recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que poida admitirse de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá motivarse e notificarase ós candidatos ou licitadores e publicarase no perfil do contratante da páxina web do concello e no Boletín Oficial da Provincia.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ó licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

* En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a proposta.

* Con respecto ós licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a oferta.

* En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que foi seleccionada a oferta de este con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores do conxunto das ofertas que se admitiron.



* Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo no que se debe proceder á súa formalización.

Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá aportarse antes da formalización do contrato.

Igualmente, cando se esixa ó adxudicatario que concerte algún tipo de seguro, antes da formalización do contrato, deberá aportarse a póliza correspondente.

24º.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.- A Administración e o contratista formalizarán o contrato dentro dos quince días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato administrativo poderá realizarse en Escritura Pública a petición do contratista e a súa costa.

A formalización dos contratos cunha contía igual ou superior ás cantidades indicadas no art. 154 do texto refundido publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación e no Boletín Oficial da Provincia, indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio de adxudicación.

25º.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.- As indicadas na memoria técnica aprobada así como as contempladas no presente prego.

- O referido investimento estará supeditado ó previsto nas bases reguladoras do PPOS e demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. O investimento deberá estar executado e xustificado na súa totalidade ao 31/12/2016.

-Os tributos estatais, municipais e autonómicos que deriven do contrato.

Asumi-lo pagamento do IVE pola totalidade da obra realizada, IVE que se entenderá incluído no prezo de adxudicación.

-Os da formalización pública do contrato de adxudicación.

-Os importes do anuncio de licitación e de adxudicación, no caso de terse que publicar nalgún boletín oficial (BOP,DOG).

-Obrigas laborais e sociais. O contratista está na obriga do cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevencións de riscos laborais.

-O contratista está na obriga de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes (art. 64 do TRLCSP).

-O contratista está na obriga do cumprimento dos requisitos previos no art. 227 do TRLCSP.

26º.- PRAZOS.- O adxudicatario terá a obriga do cumprimento do prazo fixado para a realización do contrato, que comezará a contar para o adxudicatario a partir do día seguinte á sinatura do contrato, dado que se trata dun contrato de subministro.

27º.- RECEPCION DO SUBMINISTRO E CUMPRIMENTO DO CONTRATO.- O subministro entregarase no **Teatro municipal** no prazo establecido no contrato e terá que cumprir as prescricións técnicas do contrato. Do referido ben realizarse a correspondente acta de



recepción e entrega, da que se dará traslado ao Servizo correspondente para a súa inscrición no Inventario de Bens.

Cando o subministro non se atope en condicións de recibilo, farase constar expresamente na acta, dándose instrucións ao contratista para que proceda a un novo subministro.

Cando a subsanación non se realice, será obxecto de resolución do contrato por parte da Administración.

De conformidade co art. 292 do TRLCSP o adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de extravío, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que ésta incorrese en mora ao recibilos.

No relativo ao proceso de fabricación do subministro se estará ao disposto no art. 295 do TRLCSP.

28º.- RÉXIME DE PAGAMENTOS.- O pagamento efectuarase mediante factura acta de recepción do subministro, que se aboará de conformidade co establecido nos arts. 216 e 232 do TRLCSP así como o establecido na cláusula 8ª do presente prego.

29º.- PENALIDADES.- Imporanse penalidades ó contratista cando incorra nalguna das causas previstas a continuación:

a).- **Por incumprimento das condicións especiais de execución.** O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ó contratista das seguintes penalidades.

- Como norma xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave. Neste caso poderá abranguer ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, no concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 212 do TRLCSP.

O incumprimento polo adxudicatario das condicións de execución poderán verificarse polo órgano de contratación en calquera intre durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ó tempo da recepción das obras.

b).- **Por cumprimento defectuoso.** Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Se, ó tempo da recepción, o investimento non se atopa en estado de recepción por causas imputables ó contratista.

- Como norma xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, de se-lo caso poderán abranguer ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.



- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista das obrigas que legalmente lle incumben no que respecta á reparación dos defectos.

c).- Por demora. Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora, tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, se estará ó disposto no artigo 212 do TRLCSP no relativo á imposición destas penalidades.

30º.- SUBCONTRATACIÓN.- A subcontratación rexerese polo disposto no art. 227 do TRLCSP e na Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

31º.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO.- A recepción do contrato rexerese segundo o establecido no art. 235 do TRLCSP .

Ó tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

- 1ª).- O cumprimento non defectuoso do contrato.
- 2ª).- O cumprimento das condicións de execución.

32º.- RECEPCIÓN E PRAZO DE GARANTÍA.-

De conformidade co art. 235 do TRLCSP, á recepción do contrato, ó seu remate e os efectos establecidos no art. 222.2 concorrerá o responsable do contrato a que se refire o art. 52, se se nomease, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final do investimento executado.

Se o subministro e obras se atopan en bo estado e conforme ás prescricións previstas, pola administración se dará por recibido o investimento, levantándose a correspondente acta e comezo entón do prazo de garantía.

Cando o contrato non esté en estado de ser recibido se fará constar así na acta e o director do mesmo sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido dito prazo o contratista non o houbese efectuado, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

O prazo de garantía, en ningún caso poderá ser inferior **a cinco anos** á aprobación da recepción do subministro., de conformidade co indicado na memoria-valorada técnica emitida.

Durante o prazo aplicarase o establecido no art. 167 do Regulamento xeral da LCAP no relativo ás obrigas do contratista, así como con respecto á facultade da administración de, en



caso de incumprimento, executar á súa costa os traballos necesarios para a conservación do executado.

Tódolos gastos que se ocasionen pola conservación do investimento durante o período de garantía serán por conta do contratista, sen ter dereito a ningunha indemnización por este concepto. Exceptúanse os danos ocasionados por forza maior, que serán soportados pola Corporación.

33º.- LIQUIDACIÓN.- Transcorrido o prazo de garantía a que se refire a cláusula anterior, procederase á liquidación do contrato de conformidade co establecido no art. 179 do Regulamento xeral da LCAP.

34º.- DEMORA NA EXECUCIÓN OU INCUMPRIMENTO DO CONTRATO.- Estarase ó disposto no artigo 212 e concordantes do TRLCSP.

35º.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.- O contrato extinguirase por algunha das causas de resolución recollidas nos artigos 223 e 224 do TRLCSP.

36º.- XURISDICCIÓN COMPETENTE.- As cuestións litixiosas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato resolveranse polos órganos de contratación e as súas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía Contencioso-Administrativa, de conformidade coa referida lei.

Tui, 8 de setembro de 2015
A Concelleira de Ensino e Cultura

Asdo. María José Martínez Pérez.





ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don
maior de idade, veciño de con enderezo en
en nome propio ou da empresa a quen represente con
enderezo en
NIF: , conforme acredito con Poder verificado, tendo coñecemento do
procedemento para a contratación do subministro de
".....", comprométese a realizalo de conformidade co
prego de cláusulas administrativas particulares e memoria técnica, pola cantidade e euros
que se enumera a continuación:

Oferta económica

CANTIDADE EN LETRA

SEN IVE:
IVE:
TOTAL:

CANTIDADE EN NÚMERO

SEN IVE:
IVE:
TOTAL:

Para tódolos efectos, a presente oferta comprende non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do IVE, a teor do disposto no art. 25 do Real decreto 1.624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do mencionado imposto, e que se indica como partida independente de conformidade co establecido no art. 145 do TRLCSP.

..... de de
(Lugar, data, sinatura e selo do licitador).



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148



ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS XURÍDICAS

D....., con DNI nº....., en nome e representación da sociedade, con NIF nº....., de acordo coa escritura de poder(ou documento que o habilite para actuar en nome da persoa xurídica que representa), a efectos de contratar co Concello de,

DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que a empresa á que represento dispón de capacidade de obrar e xurídica e de habilitación profesional, necesaria para concertar co Concello da execución do contrato de O obxecto social da empresa comprende a actividade obxecto deste contrato, de acordo co recollido no artigo dos seus estatutos sociais, estatutos que están correctamente inscritos nos Rexistros correspondentes.

2º.- (Alternativamente)

Que dita empresa conta coa clasificación / solvencia requirida para dita contratación. / Que dita empresa conta cos requisitos mínimos de clasificación / solvencia establecidos para concorrer a dita contratación, que se complementa polo medio seguinte (marcar o que proceda):

- a. Formando unha unión temporal de empresas para concorrer á licitación coa mercantil....., adquirindo o compromiso expreso de constituír dita UTE en caso de resultar a nosa oferta adxudicataria do contrato (nesta caso, a declaración será subscribita por cada unha das empresas que integrarán a futura UTE).
- b. Que dispón de medios externos para executar as prestacións seguintes..... Os medios externos consisten en..... e serán aportados por A tal efecto subscribiuse con dita empresa un

3º.- (Alternativamente)

Que a esta licitación NON concorre ningunha outra empresa do grupo empresarial ao que pertence a que represento /


Que a esta licitación presentarán ofertas as seguintes empresas integradas no mesmo grupo empresarial do que forma parte a que represento:



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148



(Entenderase por sociedades dun mesmo grupo empresarial aquelas que se atopen nalgún dos supostos contemplados no artigo 42.1 do Código de Comercio).

4º.- Que nin eu persoalmente nin ningún dos administradores da persoa xurídica en nome da que actúo estamos incursos en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido Lei de Contratos do Sector Público.

5º.- Que a empresa á que represento está ao corrente de tódalas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6º.- Que a empresa á que represento NON / SI (márquese o que proceda) ten un número de 50 ou máis traballadores, (en caso de superar esa cifra) sendo o número de traballadores con discapacidade na empresa de....., o que supón un% traballadores pertencentes a este colectivo, (alternativamente, segundo o caso), significando que supliuse a esixencia legal de dispoñer no cadro de persoal con máis do 2% de traballadores con discapacidade polas medidas alternativas legalmente previstas seguintes:.....


7º.- Que a oferta que presento garante respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración dos produtos e/ou servizos, así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas medioambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da UE, así como das disposicións de Dereito internacional sobre estas materias subscritas pola Unión Europea.

8º.- Que o correo electrónico para recibir tódalas comunicacións relacionadas co presente expediente é

O que declaro aos efectos do previsto no art.146 del TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido pola unidade de Tramitación, en caso de ser adxudicatario do contrato....., indicando estar en posesión de tódolos requisitos no intre de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente ao Concello de á súa verificación directa.

En, a de de

Asdo:



MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS FÍSICAS

D....., con DNI nº....., en nome propio e domicilio aos efectos de notificacións en a efectos de contratar co Concello de, DECLARO baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que dispoño de capacidade de obrar e xurídica, de habilitación profesional, clasificación e/ou solvencia esixida no cadro de características particulares, para executar o contrato de

2º.- Que non estou incluído en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.

3º.- Que estou ao corrente nas miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4º.- Que a oferta que presento garante, respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración dos produtos e/ou servizos, así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas medioambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da UE, así como das disposicións de Dereito internacional sobre estas materias subscritas pola Unión Europea.

5º.- Que o correo electrónico para recibir tódalas comunicacións relacionadas co presente expediente é.....

O que declaro aos efectos do previsto no art.146 do TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido pola unidade de tramitación, en caso de ser adxudicatario do contrato, indicando que dispoño de todos estes requisitos no intre de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente ao Concello de á súa verificación directa.

En, a de de

Asdo:



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

